

CONVENIO ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONSORCIO UNIVERSITARIO DO CENTRO ASOCIADO Á UNIVERSIDADE DE EDUCACIÓN A DISTANCIA DE PONTEVEDRA, PARA A ENCOMENDA DE XESTIÓN Á DEPUTACIÓN DAS TAREFAS DE APOIO E ASISTENCIA TÉCNICA NA CONTRATACIÓN DAS ACTUACIÓNS DE MELLORA DE EFICIENCIA ENERXÉTICA NA FACHADA DO CENTRO.

Pontevedra, a data do documento electrónico

REUNIDOS

Dunha parte, o Ilmo. Sr. Luis López Diéguez, Presidente da Excma. Deputación Provincial de Pontevedra, actuando no seu nome e representación, en virtude das competencias que lle confiren os artigos 34.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e 105.1.a) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia.

Doutra, o Sr. D. Victor Manuel González Sánchez, Director do Centro Asociado da UNED en Pontevedra, actuando no seu nome e representación, en virtude das funcións que lle confire o artigo 21 dos Estatutos do Consorcio Universitario do Centro Asociado da UNED en Pontevedra, de data 13 de decembro do 2016.

Actúa como fedatario público o Sr. Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral da Excma. Deputación Provincial de Pontevedra.

Ambas as partes, que comparecen electronicamente, recoñécense mutuamente capacidade xurídica para subscribir o presente convenio, e, a tal efecto,



EXPOÑEN

I.- Que os convenios entre as Administracións Públicas constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal como establecen os artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público (en diante, LRXSP), 57 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (en diante, LRBRL), e 198 e seguintes da Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (en diante, LALGA).

II.- Que o artigo 36 LRBRL, e os artigos 109 e 110 LALGA encomendan ás Deputacións a que cooperen no fomento do desenvolvemento económico e social, e na administración dos intereses peculiares da provincia.

III.- Que o Centro Asociado á UNED de Pontevedra, constituído en Consorcio Universitario o 13 de decembro de 2016, como entidade de dereito público dotada de personalidade xurídica propia e capacidade de obrar para o cumprimento dos seus obxectivos, abriu as súas portas en xaneiro do ano 1973, na sede provincial da Residencia Virxe Peregrina, grazas á actividade promotora da Deputación Provincial, Concello de Pontevedra e Caixa Provincial de Aforros de Pontevedra.

En outubro de 1987 trasladouse definitivamente á súa actual sede en Monteporreiro, que conta cunha planta de 7.000 m², distribuída en tres andares, e está situado na antiga leira Monte Porreiro, un espazo de máis de vinte mil metros cadrados, único pola singularidade das súas especies arbóreas e que a principios do século pasado acubillou un magnífico balneario.

IV.- Que no momento actual, despois de case cincuenta anos de funcionamento, a parte



externa do edificio presenta un deterioro importante debido ao paso do tempo, atopándose en mal estado o morteiro monocapa da fachada, que está a desprenderse, constituíndo un perigo para o alumnado.

A reparación da fachada aconsella adoptar medidas de mellora da eficiencia enerxética do edificio, que reducirían considerablemente a demanda enerxética anual de calefacción, refrixeración, emisións anuais de CO₂, etc., e o converterían nun edificio máis sustentable desde o punto de vista medio ambiental.

Para isto, o Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED de Pontevedra pretende mellorar o aislamiento e estanqueidade do edificio, eliminando pontes térmicos, mediante o cambio das xanelas e portas exteriores; substituír a terraza, e integrar enerxías renovables coa instalación de placas fotovoltaicas para autoconsumo.

A mellora da seguridade e eficiencia enerxética da fachada do edificio do Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED de Pontevedra, sede provincial desta Universidade Pública, redundará de xeito evidente e positivo en beneficio da cidadanía da provincia, convertendo este antigo edificio nun edificio máis moderno e comfortable para as súas usuarias/os, máis seguro, e máis sustentable desde o punto de vista medioambiental, reducindo consumos anuais de enerxía, costes, e emisións anuais de CO₂.

A Deputación Provincial, que é parte no Consorcio Universitario do Centro, comparte este interese, dada a importancia deste centro no desenvolvemento social, laboral, económico e cultural da provincia.

V.- Que as actuacións conlevan unha complexa tramitación administrativa canto á



obtención de licenzas e aos expedientes de contratación necesarios para a súa implementación, que abarca a redacción do proxecto, execución e dirección das obras.

O Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED de Pontevedra carece dos medios materiais e persoais suficientes para desenvolver dita tramitación, precisando de asistencia técnica cualificada.

A Deputación de Pontevedra, pola súa parte, dispón de servizos con capacidade técnica suficiente para xestionar os procedementos de contratación e apoiar na execución das obras obxecto da encomenda.

VI.- Por razóns de eficacia e, ao non dispor os medios técnicos nin persoais idóneos para o seu desempeño, o Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED de Pontevedra considera conveniente conferir á Deputación de Pontevedra, unha encomenda de xestión conforme o previsto no artigo 11 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (en diante, LRJSP), que establece que: «a realización de actividades de carácter material ou técnico da competencia dos órganos administrativos ou das Entidades de Dereito Público poderá ser encomendada a outros órganos ou Entidades de Dereito Público da mesma ou de distinta Administración, sempre que entre as súas competencias estean esas actividades, por razóns de eficacia ou cando non se posúan os medios técnicos idóneos para o seu desempeño».

Ambas as partes consideran necesario formalizar un convenio de encomenda de xestión para o mellor exercicio das súas competencias e funcións.

Polo exposto, de conformidade co artigo 11 da LRJSP, as partes acordan subscribir o presente convenio de encomenda de xestión, que se rexerá polas seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto da encomenda.

Encoméndase á Deputación de Pontevedra a realización de tarefas de apoio e asistencia técnica no eido da tramitación dos expedientes de contratación necesarios para desenvolver unha actuación de mellora da eficiencia enerxética da fachada do edificio do Centro Asociado da UNED en Pontevedra e outras melloras (zona descanso/actividade, aseo baixo aula magna e estudar posibilidade de aumentar algún aula máis na parte de semisotano).

A tramitación realizarase en dúas fases: a fase I comprenderá a contratación da redacción do proxecto e dirección de obra, e a fase II a contratación da execución das obras.

Segunda.- Ámbito de aplicación subxectivo.

Son partes da presente encomenda de xestión, o Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED de Pontevedra como entidade encomendante, e a Deputación de Pontevedra, como administración encomendada.

Terceira.- Titularidade das actividades encomendadas.

Conforme ao disposto o artigo 11.2 da LRJSP, esta encomenda non supón a cesión da titularidade da competencia nin dos elementos substantivos do seu exercicio, sendo responsabilidade da entidade encomendante ditar cuantos actos ou resolucións de carácter xurídico dean soporte ou nos que se integre a concreta actividade material



obxecto de encomenda.

Cuarta.- Actuacións que se encomendan á Deputación de Pontevedra.

O Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED de Pontevedra encomenda a Deputación de Pontevedra a xestión da contratación das actuacións de mellora de eficiencia enerxética da fachada do edificio do Centro Asociado da UNED en Pontevedra e outras melloras (zona descanso/actividade, aseo baixo aula magna e estudar posibilidade de aumentar algún aula máis na parte de semisotano).

O contido da encomenda será a realización de actuacións e tarefas de apoio e asistencia material de persoal na preparación, licitación, adxudicación e formalización dos contratos para a redacción do proxecto, execución e dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde e control de calidade, e na recepción e liquidación dos contratos, mediante persoal técnico designado polo servizo de Arquitectura da Deputación. Ditos traballos deberán ser desempeñados por persoal que preste servizos na Deputación de Pontevedra.

En concreto, as funcións de apoio administrativo serán as seguintes:

- 1) Apoio na tramitación económico-administrativa dos expedientes de contratación para a redacción do proxecto, execución e dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde e control de calidade, ademais de, no seu caso, na tramitación ante o Tribunal Administrativo de Recursos Contractuais de Galicia (TACGAL) en caso de recurso especial en materia de contratación.
- 2) Apoio na licitación electrónica dos expedientes de contratación a través da



Plataforma de Contratación do Sector Público (<https://contrataciondelestado.es>), que implica a custodia electrónica das ofertas polo sistema e a apertura e avaliación electrónica da documentación.

- 3) Seguimento e supervisión dos traballos de redacción do proxecto básico e de execución.
- 4) Apoio na resolución de incidencias e consultas dos interesados durante o procedemento de contratación e execución das obras.
- 5) Asesoramento na tramitación dos permisos e autorizacións necesarios para a execución das obras.
- 6) Apoio na recepción das obras, mediante persoal técnico designado polo servizo de Arquitectura da Deputación.
- 7) Apoio na resolución das incidencias imputables ao contratista pola execución defectuosa da obra durante o período de garantía e ata a liquidación do contrato (penalidades, suspensións, ampliacións de prazo, desistimento, renuncia...).

Quinta.- Obrigas do Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED de Pontevedra.

Para a execución das actuacións que se encomendan, o Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED de Pontevedra, asumirá as seguintes obrigas:

- 1) Ditar os actos ou resolucións de carácter xurídico que dean soporte ou nos que se



integre a concreta actividade material obxecto da presente encomenda de xestión.

- 2) Facilitar á Deputación de Pontevedra a información e documentación vinculada co procedemento de contratación que esta requira para o cumprimento das funcións encomendadas.
- 3) Facilitar unha memoria técnica na que se concrete o programa de necesidades a satisfacer e actuacións imprescindibles que se deberán contemplar, de xeito que permita á Deputación a redacción dos pregos para a contratación do proxecto de execución.
- 4) Obter e manter en vigor as licencias, así como os permisos e autorizacións que sexan precisas para levar a cabo a obra, facéndose cargo dos costes que poidan conlevar.
- 5) Levar a cabo o mantemento e conservación da infraestrutura obxecto do convenio, como titular do ben obxecto deste convenio.
- 6) Prestar a colaboración e facilitar tanta documentación se lle requira no exercicio das funcións de fiscalización e control que lle corresponden ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.
- 7) Darlle a adecuada publicidade a este convenio, de tal xeito que quede constancia que a as actuacións obxecto do convenio leváronse a cabo en colaboración coa Deputación de Pontevedra.



Sexta.- Financiamento.

Corresponderá ao Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED de Pontevedra a autorización e compromiso dos gastos, conforme ao previsto no artigo 19 dos seus Estatutos, aprobados con data 13 de decembro de 2016, así como o recoñecemento de obrigas e pagamento que se deriven das actuacións contempladas no presente Convenio, que comprenderán as seguintes:

Redacción do proxecto e dirección de obras (Fase I)

Execución da obra (fase II), Seguridade e saúde e Control de calidade

A financiación da totalidade dos gastos derivados dos contratos que se realicen mediante a encomenda de xestión, así como os custos de xestión dos mesmos, IVE incluído, correrán a cargo dos orzamentos do Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED de Pontevedra, que asumirá as obrigacións de gasto, a aprobación de facturas e certificacións e o pagamento material.

Calquera incidencia que poida xurdir no desenvolvemento das obras, por causas imprevistas e que obriguen a unha modificación do proxecto e se produza un incremento do custo, será financiadas tamén polo Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED de Pontevedra previa aprobación do seu órgano competente.

Sétima.- Seguimento e control.

Para o correcto seguimento, vixilancia e control da execución do presente Convenio, e dos compromisos adquiridos polas partes, constituirase unha Comisión Mixta, que resolverá tamén os problemas de interpretación e cumprimento que puideran xurdir.



Esta Comisión estará formada por dúas persoas representantes do Centro Asociado da UNED en Pontevedra e dúas representantes da Deputación de Pontevedra, designadas, respectivamente, por ambas entidades.

As normas de funcionamento serán as que a propia Comisión estableza e, supletoriamente, rexerase pola Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, debéndose reunir dentro do prazo de tres días, a contar desde a petición expresa realizada por calquera das partes.

As funcións desta Comisión serán as seguintes:

- a) Comprobar que as actuacións e actividades derivadas da execución do presente Convenio de Cooperación axústanse aos obxectivos recollidos no mesmo, velando polo seu concreto cumprimento.
- b) Interpretar este Convenio de Cooperación, resolvendo as posibles incidencias que puidesen xurdir no seu desenvolvemento e propor as modificacións que poidan servir para o logro dos obxectivos propostos.
- c) Cantas outras se consideren oportunas para a mellor consecución dos obxectivos do Convenio.

Das reunións da Comisión levantarase acta na que se reflectan de maneira escrita e detallada os acordos adoptados polos seus membros e o seguimento dos mesmos.

Dentro do quince días seguintes á sinatura do presente Convenio de Cooperación, ambas as partes comunicaranse por escrito, o nome dos seus representantes na



Comisión Mixta de Coordinación e Seguimento.

No caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requirimento será comunicado ao responsable do mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistise o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio.

Oitava.- Vixencia e eficacia do Convenio.

O presente Convenio perfeccionarase pola prestación do consentimento das Partes mediante a súa sinatura.

A duración do Convenio será de dous anos contados a partir do día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

En calquera momento antes do seu vencemento, as partes asinantes do Convenio poderán acordar unanimemente a súa prórroga anual, ata alcanzar o máximo de dous anos adicionais, ou a súa extinción.

Novena.- Extinción e resolución do Convenio.

O Convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer nalgunha das seguintes causas de resolución:



- a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordarse a prórroga do mesmo.
- b) O acordo unánime de todos os asinantes.
- c) A persistencia no incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes, unha vez transcorrido o prazo indicado no requirimento que lle notificara a outra parte para que cumprira nun determinado prazo coas obrigas ou compromisos que se consideraron incumpridos.
- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

O cumprimento e a resolución do Convenio dará lugar á liquidación do mesmo co obxecto de determinar as obrigas e compromisos de cada unha das partes.

Non obstante o anterior, se cando concorra calquera das causas de resolución do Convenio existen actuacións en curso de execución, as partes, a proposta da Comisión de seguimento, vixilancia e control do Convenio, poderán acordar a continuación e finalización das actuacións en curso que consideren oportunas, establecendo un prazo improrrogable para a súa finalización, transcorrido o cal deberá realizarse a liquidación das mesmas nos termos establecidos no apartado anterior.

Décima.- Protección de datos.

Os datos persoais que se recollen no presente Convenio, e os que se deriven da súa execución, serán tratados unicamente aos efectos de levar a bo fin o presente



Convenio. Ambas as Partes comprométense a tratar os mesmos conforme ao disposto no Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE e demais normativa de desenvolvemento, e na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais.

A Deputación de Pontevedra terá a condición de encargada do tratamento dos datos de carácter persoal aos que puidese ter acceso en execución da encomenda de xestión, séndolle de aplicación o disposto na normativa de protección de datos de carácter persoal segundo o disposto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Décimoprimeira.- Confidencialidade.

As Partes acordan tratar confidencialmente todos os datos, a documentación e a información que fose fornecida á outra parte durante a vixencia do presente Convenio. Ambas as Partes tamén acordan non divulgar esta información a ningunha persoa ou entidade, exceptuando os seus administradores, directivos traballadores e asesores, coa condición de que tamén manteñan a confidencialidade e só na medida en que sexa necesario para a correcta execución deste Convenio.

O acordo de confidencialidade seguirá vixente incluso despois da extinción deste Convenio, sexa cal for a causa da devandita extinción.

Todo iso sen prexuízo do debido cumprimento, por ambas as Partes, en atención á súa propia natureza, das obrigas de publicidade e transparencia derivadas de normativa



aplicable, en especial da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno así como o cumprimento do calquera requirimento legalmente esixible a calquera das partes.

Décimo segunda.- Natureza xurídica e xurisdición.

O presente Convenio ten natureza administrativa, de conformidade coa Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e o artigo 57 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local. Neste sentido, e de acordo co disposto no artigo 6 Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, este convenio queda fóra do ámbito de aplicación da citada Lei.

As controversias que puidesen xurdir resolveranse de mutuo acordo entre as partes no seo da Comisión Mixta de Seguimento. Na súa falta, os órganos xurisdicionais da orde contenciosa administrativo serán competentes para dirimir os conflitos a que a execución do presente convenio puidese dar lugar.

Lido o presente documento, préstalle as persoas comparecentes o seu consentimento, e asínano comigo, o Secretario Xeral, que dou fe de todo o contido no mesmo, na data que figura no documento electrónico e no lugar sinalado no encabezamento.

